

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

D -. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Dende a Concellaría de Empleo se solicitan anualmente os programas de cooperación, cuxo obxectivo e mellorar a empregabilidade dos traballadores desempregados con especial dificultade de acceso ó mercado laboral, mediante un contrato de traballo que formaliza O Concello.

Esta orientado de forma prioritaria á contratación de traballadores inscritos no Servizo Público de Empleo, e que pertencen a algún dos colectivos con especial dificultade de inserción laboral, axudándoos a insertalos no mercado de traballo, cós obxectivo de dotar os traballadores dunha experiencia profesional que lles permita a súa posterior inclusión, unha vez finalizado ó contrato no mercado de traballo.

Os Programas de Cooperación se veñen utilizando ano tras ano, pola Concellaría de Empleo para materializar obras de interese social e xeral, ó mesmo tempo que sirven de apoio a algún servizo xa existente.

No ano 2011 a Concellaría de Empleo solicitou unha subvención para a contratación en cooperación de 51 desempregados, dos cales 39 solicítanse a tempo parcial, de xeito sexa maior o número de traballadores que poidan beneficiarse de este programa. Dita solicitude efectúase atendendo a seguinte distribución:

- 12 traballadores para o Servizo do Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR),
- 13 para o apoio a humanización de espazos urbanos e rurais,
- 11 para o apoio ao embelecemento urbano,
- 3 para o apoio a xestión no centro neural no edificio Multicentro de Torneiros.
- 2 para o fomento do apoio educativo a menores con dificultades.
- 5 para o apoio a integración de colectivos desfavorecidos cara ó emprego.

Plan Municipal de Emprego 2012 – Concello do Porriño

- 2 para o establecemento dunha oficina municipal de información xuvenil
- 1 para a creación dun servizo para a catalogación do inventario de bens patrimoniais e culturais.
- 1 para a creación e mantemento dun servizo informático para o apoio, a implantación e a divulgación das novas tecnoloxías nos servizos do Concello do Porriño
- 1 para a execución dun proxecto de educación de rúa dirixido a rapaces en risco.

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

OBXECTIVOS	<p>Mellorar a empregabilidade dos participantes, traducida na adquisición de experiencia profesional a través dun contrato de traballo co Concello.</p>
CARACTERÍSTICAS XERAIS	<p>Contribuir a integración laboral de colectivos con especiais dificultades de inserción, materializándose na execución de obras de interese social ou de apoio a servizos existentes no Concello.</p>
DESTINATARIOS	<p>Desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego.</p>

Plan Municipal de Empleo 2012 – Concello do Porriño

FORMA DE ACCESO	Previa inscripción no Servizo Público de Empleo.
EQUIPO	Concellaría de Empleo
PREVISIÓN ANUAL	Solicitarase a concesión dunha subvención para a contratación en cooperación de 51 desempregados.
FINANZAMENTO	<ul style="list-style-type: none">- Concello do Porriño- Deputación de Pontevedra- Xunta de Galicia- Fondo Social Europeo.

